

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

- 1164** *Resolución do 5 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das entidades locais, e das comunidades autónomas que se acollan ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas.*

O Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, crea o Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e o Fondo de Financiamento a Entidades Locais.

A adhesión ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas, xa sexa no seu compartimento de Facilitade Financeira ou de Fondo de Liquidez Autonómico, comporta a suxeición ás condicións de prudencia financeira nos termos que fixe a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira. Ademais, conforme o mencionado Real decreto lei 17/2014, as operacións instrumentadas en valores e operacións de crédito a longo prazo precisarán de autorización expresa da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Doutra banda, o Real decreto lei 17/2014 modifica, a través da súa disposición derradeira primeira, o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, pola que establece que «todas as operacións financeiras que subscriban as corporacións locais están suxeitas ao principio de prudencia financeira» e que recae na Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira a definición do dito principio no referido a pasivos financeiros.

Nesta resolución defínese o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións financeiras das comunidades autónomas adheridas ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e ao conxunto de entidades locais. Para a definición deste principio, esta secretaría xeral tivo en conta o principio de sustentabilidade das finanzas públicas establecido no artigo 4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que vela pola capacidade das administracións públicas para financiar os seus compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial.

Por todo o anterior, esta secretaría xeral resolveu:

Primeiro. *Alcance e principio de prudencia financeira.*

As comunidades autónomas que se adhiran ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas de acordo co Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, así como todas as entidades locais, só poderán concertar operacións de endebedamento e de derivados financeiros nos termos que se establecen nos seguintes puntos.

Para os efectos do previsto nesta resolución, enténdense por comunidade autónoma e entidade local tanto a Administración da Comunidade Autónoma e da entidade local como o resto de entidades, organismos e entes dependentes daquelas, incluídos no sector administracións públicas, subsector comunidades autónomas e subsector corporacións locais, de acordo coa definición e delimitación do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais de Unión Europea.

Segundo. *Instrumentos.*

1. As comunidades autónomas e entidades locais, dentro do ámbito de aplicación desta resolución, poderán realizar operacións de endebedamento a través de, entre outros, os seguintes instrumentos:

- a) Certificados de débeda baixo lei alemá (Schuldschein).
- b) Valores negociables ou non, emitidos mediante emisión pública ou privada, en mercados grosistas ou dirixidos ao segmento retalista.
- c) Instrumentos de financiamento a curto prazo.
- d) Préstamos a longo prazo.
- e) Arrendamento financeiro.

Ademais, as comunidades autónomas e entidades locais poderán empregar outros instrumentos que autorice expresamente a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira coa condición de que se axusten ás condicións da presente resolución.

2. En todo caso, ás comunidades autónomas adheridas ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas seranlles de aplicación os artigos 19.1.a) e 24.b) do Real decreto lei 17/2014, segundo o cal «non poderán realizar operacións instrumentadas en valores nin operacións de crédito a longo prazo, salvo autorización previa expresa da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, sen prexuízo da autorización preceptiva do Consello de Ministros, de conformidade co artigo 14 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas».

Terceiro. *Condicións financeiras das operacións de endebedamento.*

1. O custo total máximo das operacións de endebedamento, incluíndo comisións e outros gastos, salvo as comisións citadas no número 3 deste artigo, non poderá superar o custo de financiamento do Estado ao prazo da operación, incrementado no diferencial que corresponda segundo o tipo de Administración, definidos no punto seguinte.

As comunidades autónomas, e aquelas entidades locais que conten con ferramentas de valoración propias ou un asesoramento externo independente, determinarán no momento da operación o custo de financiamento do Tesouro con base na metodoloxía contida no anexo 2 desta resolución.

O resto de entidades locais, para coñeceren o custo de financiamento do Estado a cada prazo, empregarán a táboa de tipos fixos ou os diferenciais máximos aplicables sobre cada referencia que publique mensualmente, mediante resolución, a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira. Os custos máximos publicados permanecerán en vigor mentres non se publiquen novos custos. O cumprimento da condición de custo máximo considerarase no momento do asinamento dos documentos que obriguen as partes e coa condición de que a disposición dos fondos por parte do prestameiro se poida efectuar sen ningunha restrición.

2. Os diferenciais máximos sobre o custo de financiamento do Estado serán:

a) Para as comunidades autónomas adheridas ao Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas:

i. Operacións cuxos vencementos quedan cubertos polo Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas: 20 puntos básicos.

ii. Operacións cuxos vencementos non quedan cubertos polo Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas: 30 puntos básicos.

b) Para as entidades locais:

i. Operacións cuxos vencementos quedan cubertos polo Fondo de Financiamento a Entidades Locais (Fondo de Ordenación ou Fondo de Impulso Económico): 20 puntos básicos.

ii. Operacións cuxos vencementos non quedan cubertos polo Fondo de Financiamento a Entidades Locais:

- a) Operacións concertadas por entidades locais que cumpran as condicións de elixibilidade ao Fondo de Impulso Económico: 40 puntos básicos.
- b) Operacións concertadas por entidades locais que non cumpran as condicións de elixibilidade ao Fondo de Impulso Económico: 75 puntos básicos.
- c) No caso das operacións de endebedamento cunha vida media superior aos dez anos, os diferenciais máximos establecidos no punto anterior poderanse incrementar nun punto básico por ano adicional, ata un máximo de 15 puntos básicos adicionais.

3. Aos tipos máximos descritos no punto anterior poderanse engadir unicamente as seguintes comisións:

- a) Comisión de non dispoñibilidade nas pólizas de crédito, limitada a un máximo de 0,10 % anual.
- b) Comisión de axencia para operacións sindicadas, cun máximo de 50.000 euros anuais.

4. Os xuros de demora non poderán superar o tipo de xuro da operación máis unha recarga do 2 % anual.

5. As operacións susceptibles de seren cubertas polo Fondo de Financiamento a Entidades Locais terán un plan de amortización no cal as liquidacións de xuros coincidirán coas datas de vencementos de principal.

Cuarto. *Operacións de derivados financeiros.*

1. Poderanse contratar permutas, opcións e futuros de tipos de xuro e de tipo de cambio segundo as condicións estándares do mercado.

2. En caso de efectuarse unha operación de endebedamento en divisa distinta do euro, o risco cambiario deberase cubrir cun contrato de permuta financeira, salvo que exista unha cobertura natural. O custo da dita permuta financeira incorporarase ao cálculo do custo total da operación, que non poderá superar o límite fixado no ordinal terceiro.

No caso de operacións de endebedamento realizadas nunha divisa distinta do euro con anterioridade á entrada en vigor dos fondos de financiamento a comunidades autónomas e a entidades locais, poderase cubrir o risco cambiario en condicións estándares de mercado.

3. No caso das entidades locais, o previsto nos números 1 e 2 do presente artigo aplicarase sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de facendas locais.

4. O uso de derivados financeiros máis complexos regularase conforme o establecido no artigo sexto da presente resolución.

5. En ningún caso se poderán contratar:

a) Derivados financeiros sen un custo máximo calquera que sexa o escenario, salvo se se trata de permutas financeiras de tipos de xuro ou de opcións de tipo de xuro con risco de asumir un tipo variable sen diferencial penalizador.

b) Derivados financeiros onde se asuma o risco de calquera índice de prezos salvo cando a finalidade do derivado sexa a eliminación do citado risco.

c) Derivados financeiros que supoñan un diferimento na carga financeira ou un aumento do financiamento. Cando, como consecuencia da reestruturación dun derivado financeiro, ou dun préstamo a tipo fixo construído a partir dun financiamento a tipo de xuro variable e unha permuta de tipo de xuro variable-fixo implícita, se devindique un custo de ruptura pagadoiro pola Administración correspondente, este poderá ser repercutido no novo tipo fixo do derivado reestruturado, ou no novo tipo fixo do préstamo a tipo fixo, segundo corresponda, sen que isto se considere un diferimento na carga financeira ou un aumento do financiamento. Adicionalmente, o novo tipo poderá superar os límites fixados no ordinal terceiro unicamente pola parte correspondente ao custo de ruptura.

d) Derivados financeiros contratados fóra dos prezos razoables de mercado. Para valorar esta circunstancia, a comunidade autónoma ou entidade local deberá dispoñer de ferramentas de valoración propias ou contar cun asesoramento financeiro externo independente.

e) Derivados financeiros que conteñan cláusulas de resolución anticipada como consecuencia dunha baixada da cualificación crediticia.

6. A formalización de derivados financeiros exixirá o asinamento dun contrato marco estándar polo cal se recollan os dereitos e as obrigacións asociados a estas operacións; así mesmo, poderase subscribir un contrato de colateralización estándar no mercado.

7. Os derivados contratados con anterioridade á entrada en vigor desta resolución e que non vencesen, permanecerán suxeitos aos contratos ISDA, CMOF ou similar estándar correspondentes que estivesen en vigor no momento da contratación. Calquera migración destes derivados aos novos contratos marco especificados no punto anterior non poderá supoñer en ningún caso desembolso ningún da comunidade autónoma ou entidade local.

Quinto. *Prohibicións.*

Quedarán prohibidas aquelas operacións de endebedamento coas seguintes características:

a) Aquelas que inclúan derivados implícitos nos contratos, incluídas as opcións de amortización anticipada por petición do acreedor financeiro. As operacións de financiamento a tipo de xuro fixo construídas a partir dun financiamento a tipo de xuro variable e unha permuta de tipo de xuro variable-fixa implícita, estarán permitidas de respectaren o resto de condicións establecidas nesta resolución.

b) Aquelas cuxa estrutura financeira comporte un diferimento da carga financeira.

c) Aquelas que conteñan cláusulas «trigger» vinculadas a cualificacións crediticias ou outras variables económico-financeiras que supoñan a amortización anticipada da débeda ou un cambio nas súas condicións financeiras. Unicamente serán válidas as cláusulas «trigger» de cambio do tipo de xuro aplicable, para o caso en que os vencementos das operacións de endebedamento deixen de estar cubertos polo Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas e polo Fondo de Financiamento a Entidades Locais debido a que a administración correspondente decida saír do Fondo. En ningún caso o tipo de xuro pode incrementarse en máis de 20 puntos básicos para comunidades autónomas, ou contravir o custo máximo das operacións non cubertas polo Fondo de Financiamento a Entidades Locais, segundo queda establecido no artigo terceiro, número 2.b), da presente resolución.

d) Aquelas derivadas da subrogación da Administración xeral en contratos financeiros dos seus organismos e entes públicos que supoñan a asunción de débedas previamente garantidas pola propia Administración, sempre que a dita subrogación supoña un incremento do custo da operación preexistente.

e) Aquelas derivadas da subrogación da Administración xeral ou dunha das súas entidades noutras débedas que non teñan natureza financeira ou que carezan dun aval explícito da Administración correspondente, e cuxo custo se encontre por riba do custo do endebedamento a prazo equivalente que tiña a comunidade autónoma ou a entidade local na data en que se pechou a operación orixinal. Tamén quedará prohibido o establecemento de comisións de asunción ou subrogación nestas operacións.

f) Aquelas derivadas da transformación de débedas de natureza non financeira da comunidade autónoma ou da entidade local, noutras de natureza financeira cuxo custo se encontre por riba do custo do endebedamento a prazo equivalente que tiña a comunidade autónoma ou a entidade local na data en que se pechou a operación orixinal.

g) Aquelas derivadas da modificación dun contrato previo da propia comunidade autónoma ou entidade local, ou das súas entidades públicas, nas cales o custo resultante

da operación supere financeiramente o custo da operación preexistente. En calquera caso, o custo financeiro máximo será o establecido no ordinal terceiro desta resolución.

h) Aquelas que non prevexan a posibilidade de amortización anticipada por solicitude do debedor. As operacións a tipo de xuro variable non poderán conter custos de ruptura por amortización anticipada en datas de pagamento de xuros. No caso de que a amortización anticipada se produza en datas distintas ás de pagamento de xuros, permítese a inclusión dun custo de ruptura, sempre que o dito custo se calcule atendendo á práctica de mercado.

As operacións de financiamento a tipo de xuro fixo poderán incluír custos de ruptura a favor dunha ou de calquera das partes, independentemente de se a amortización anticipada se realiza ou non en datas de pagamento de xuros. En calquera caso, os ditos custos de ruptura deberán reflectir exclusivamente o prexuízo económico da cancelación da operación debido ao cambio nas condicións dos «swaps» de tipo de xuro desde a formalización ou desembolso do préstamo ata o momento da súa amortización (ou o que é o mesmo, á cancelación da permuta financeira de tipo de xuro variable-fixo implícita), sen incorporar a prima de risco da operación (equivalente á prima de risco que lle correspondería ao préstamo de ser este a tipo variable) polo prazo que quedase desde a data da amortización anticipada ata a data da amortización prevista no contrato inicialmente.

i) Aquelas operacións a tipo de xuro variable que conteñan cláusulas chan sobre a referencia aplicable, salvo que se lle compense á comunidade autónoma ou á entidade local no diferencial aplicable á operación pola venda desa opción chan a prezos de mercado.

j) Operacións de endebedamento a tipo de xuro variable nas cales o euríbor de referencia utilizado non coincida co período de liquidación de xuros, salvo que se recolla no contrato o axuste de mercado da marxe entre a referencia utilizada e a adecuada ao período de liquidación de xuros.

Sexto. *Supostos excepcionais.*

1. Con carácter excepcional, o secretario xeral do Tesouro e Política Financeira, no ámbito desta resolución e con base nas condicións financeiras da operación, poderá autorizar operacións de endebedamento e de derivados de comunidades autónomas e daquelas entidades locais que non requiran autorización para a súa realización conforme a normativa reguladora de facendas locais, que non se axusten ás condicións desta resolución, sen prexuízo da autorización preceptiva do Consello de Ministros, de conformidade co artigo 14 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.

2. No caso das operacións de endebedamento de entidades locais distintas ás do punto 1 e que non se axusten ás condicións da presente resolución, o secretario xeral do Tesouro e Política Financeira emitirá informe preceptivo e vinculante á Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local ou, de ser o caso, ao órgano competente autonómico en materia de tutela financeira de entidades locais, no cal se valorará, no ámbito da presente resolución e con base nas condicións financeiras da operación, o cumprimento do principio de prudencia financeira.

3. Nos supostos dos números 1 e 2 deste artigo, a comunidade autónoma ou entidade local deberá presentar unha memoria na cal se detalle a conveniencia financeira da operación, xustificando que esta non pon en risco a súa solvencia financeira. No caso de operacións de derivados complexos, a memoria conterá unha explicación do funcionamento do derivado e da finalidade perseguida. Non se emitirá informe positivo sobre derivados para os cales non quede suficientemente xustificado o coñecemento do seu funcionamento ou a súa adecuación á finalidade perseguida nin se autorizarán estes.

Sétimo. Obrigacións de información.

1. As comunidades autónomas e as entidades locais teñen a obriga de comunicar mensualmente as condicións finais de todas as operacións de endebedamento e de derivados realizadas e da carteira global de débeda e de derivados ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co persoal proporcionado pola Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira. Esta información remitirase á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.

2. A Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá solicitar ás comunidades autónomas ou entidades locais que autoricen as entidades financeiras para que estas lle subministren á dita secretaria xeral información sobre o risco que cada entidade mantén coa comunidade autónoma ou entidade local correspondente, así como as características principais das ditas operacións.

Oitavo. Cláusula derogatoria.

Derrógase a Resolución do 5 de setembro de 2014, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento das comunidades autónomas que se acollan ao Fondo de Liquidez Autonómico.

Noveno. Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de febreiro de 2015.—A secretaria xeral do Tesouro e Política Financeira, Rosa María Sánchez-Yebra Alonso.

ANEXO 1

Tipos de xuro fixos e diferenciais do custo de financiamento do Estado para efectos de cumprimento do ordinal terceiro da Resolución do 5 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira

Vida media da operación (meses)	Tipo fixo máximo	Diferencial máximo sobre euríbor doce meses	Diferencial máximo sobre euríbor seis meses	Diferencial máximo sobre euríbor tres meses	Diferencial máximo sobre euríbor un mes
1	0,02				4
2	0,00				1
3	0,01			-5	3
4	0,05			-1	7
5	0,07			2	10
6	0,08		-6	2	10
7	0,10		-5	3	11
8	0,11		-6	3	11
9	0,11		-5	4	12
10	0,10		-6	2	10
11	0,12		-4	5	13
12	0,15	-14	-1	8	16
13	0,16	-13	0	9	17
14	0,17	-12	1	10	17
15	0,18	-11	2	10	18
16	0,19	-10	3	11	19
17	0,20	-8	4	13	21

Vida media da operación (meses)	Tipo fixo máximo	Diferencial máximo sobre euríbor doce meses	Diferencial máximo sobre euríbor seis meses	Diferencial máximo sobre euríbor tres meses	Diferencial máximo sobre euríbor un mes
18	0,21	-7	6	14	22
19	0,23	-5	8	16	24
20	0,25	-3	9	18	26
21	0,27	-1	11	20	28
22	0,29	1	13	22	30
23	0,31	3	16	24	32
24	0,34	5	18	27	34
36	0,51	19	32	40	48
48	0,66	29	41	50	58
60	0,85	41	53	62	70
72	1,00	49	61	70	78
84	1,13	55	66	75	83
96	1,29	62	74	82	90
108	1,39	65	77	85	93
120	1,50	69	80	89	97
132	1,62	74	86	94	102
144	1,73	80	92	100	108
156	1,82	85	96	105	113
168	1,90	88	100	108	116
180	1,95	89	101	110	117
192	2,00	91	102	111	119
204	2,05	92	104	113	120
216	2,09	94	106	114	122
228	2,14	97	108	117	125
240	2,19	99	111	120	127
252	2,23	102	114	122	130
264	2,28	105	116	125	133
276	2,30	106	117	126	134
288	2,33	107	118	127	135
300	2,35	108	119	128	136
312	2,38	110	122	131	138
324	2,42	114	125	134	142
336	2,45	115	127	135	143
348	2,47	117	129	137	145
≥ 360	2,49				

Os tipos de xuro fixos e diferenciais máximos aplicables para operacións cuxa vida media exacta non estea publicada nesta táboa acharanse por interpolación lineal entre os dous tipos ou diferenciais máis próximos ao prazo medio da operación.

Sobre estes tipos de xuro fixos ou diferenciais sobre euríbor poderanse aplicar os diferenciais máximos contidos no artigo 3, número 2, desta resolución.

ANEXO 2

Metodoloxía para o cálculo do custo de financiamento do Estado a cada prazo

Para os tipos de xuro fixos:

- a) Búscase a rendibilidade (Yield to Maturity Mid) das referencias de Tesouro máis próximas nunha fonte de información financeira.
- b) Interpólase linealmente a rendibilidade ao prazo da nova operación.

Para os tipos de xuro variables:

- a) Búscase a rendibilidade (Yield to Maturity Mid) das referencias de Tesouro máis próximas nunha fonte de información financeira.
- b) Calcúlase o equivalente ás ditas rendibilidades en termos de diferencial sobre euríbor seis meses a través da función *I-spread* e non polo *Asset swap spread*.
- c) Co *spread* sobre euríbor seis meses das dúas referencias do Tesouro máis próximas ao prazo da nova operación, interpólase linealmente ao prazo da nova operación.
- d) En caso de querer establecer o *spread* sobre outra referencia de euríbor que non sexa o euríbor a seis meses (euríbor a doce meses, tres meses e un mes), axústase polo *basis swap* ao prazo da operación.